

Presidenta do GDR 2 "Asociación de desenvolvemento comarcal da Terra Chá"

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n.

27800 Vilalba

Lugo

RESOLUCIÓN pola que se aproba a modificación da Estratexia de Desenvolvemento local e criterios de selección e priorización de proxectos non produtivos seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Tendo en conta a modificación das bases reguladoras que rexen a medida LEADER, publicadas no DOG núm. 53, do 18 de marzo de 2021, abren a posibilidade de que o GDR poida seleccionar proxectos non previstos inicialmente, así como, no seu caso, priorizar, no suposto de que así o consideren necesario para o desenvolvemento do seu territorio de actuación, estes novos proxectos, a xunta directiva do GDR /a asemblea xeral do GDR procede á aprobación da modificación da estratexia de desenvolvemento rural e dos criterios de selección e priorización de proxectos non produtivos, mediante o Acordo do 31 de marzo de 2021. Xúntase a modificación da estratexia como anexo I desta resolución.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítese esta RESOLUCIÓN pola que se aproban a modificación da estratexia, que figura como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O Consello de Dirección da Agader

(Por delegación, A directora xeral de Agader

Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

(Asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira.



ANEXO I




	GDR-2 TERRA CHÁ	
REGISTRO SAÍDA N.º	366	
DATA	9-4-21	Hora 13:36

AGADER
Estrada de Noia, Km. 1 – A Barcia
15897 - Santiago de Compostela

Vilalba, a día 9 de abril de 2021

ASUNTO: CERTIFICADO MODIFICACION ESTRATEXIA GDR2 TERRA CHÁ

Adxuntase certificado de acordo tomado na reunión da Asemblea Xeral de 31 de marzo de 2021 respecto das modificacións da Estratexia do GDR2 Terra Chá.



Asdo.: Carmen Goás Miragaya
Técnico do GDR2 – Terra Chá.





**D. JAIME GONZÁLEZ PENELAS, SECRETARIO DA ASOCIACIÓN DE
DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ, PROVINCIA DE LUGO.**

CERTIFICO:

Que na reunión celebrada pola Asemblea Xeral da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá, reunida en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2021, tomouse por unanimidade, entre outros, o seguinte acordo:

No punto 3 : Descrición das características innovadoras da estratexia

Engádese:

“Apoiaranse actuacións para a posta en valor dos terreos agroforestais e a recuperación demográfica do medio rural orientados ó aproveitamento agrícola, gandeiro ou forestal da terra, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións e actuacións de xestión conxunta e os proxectos de ordenación produtiva das aldeas modelo, como a aqueles destinados a mellorar a calidade de vida da poboación rural, como son os plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo. Tamén se apoiarán plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural enmarcados en plans estratéxicos supramunicipais.”

No punto 5 : Descrición do plan de acción,

1. Mellora da competitividade

Engádese :

Levaranse a cabo actuacións vinculadas a proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como vinculadas a plans estratéxicos ou a actuacións integrais promovidas por AGADER.

Ademais inclúense as seguintes actuacións:

- . Axudas a investimentos agrícolas, gandeiros ou agroforestais vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras
- . Calquera outro tipo de proxectos relacionados cos instrumentos de recuperación de terra agraria



2. Valorización da produción local

Engádese :

Levaranse a cabo actuacións vinculadas a proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como vinculadas a plans estratéxicos ou a actuacións integrais promovidas por AGADER.

Ademais inclúense as seguintes actuacións:

. Calquera outro tipo de proxectos relacionados cos instrumentos de recuperación de terra agraria

3. Completa-la oferta turística comarcal revalorizando o patrimonio natural, cultural e arquitectónico.

Engádese :

Levaranse a cabo actuacións vinculadas a proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como vinculadas a plans estratéxicos ou a actuacións integrais promovidas por AGADER.

Ademais inclúense as seguintes actuacións:

. Calquera outro tipo de proxectos relacionados cos instrumentos de recuperación de terra agraria

4. Valorización dos recursos forestais

Engádese :

Levaranse a cabo actuacións vinculadas a proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como vinculadas a plans estratéxicos ou a actuacións integrais promovidas por AGADER.

Ademais inclúense as seguintes actuacións:

. Calquera outro tipo de proxectos relacionados cos instrumentos de recuperación de terra agraria



5. Mellora da calidade de vida e servizos básicos do medio rural

Engádese :

Levaranse a cabo actuacións vinculadas a proxectos de mobilización ou recuperación de terras, actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, así como vinculadas a plans estratéxicos ou a actuacións integrais promovidas por AGADER.

Ademais inclúense as seguintes actuacións:

- . Calquera outro tipo de proxectos relacionados cos instrumentos de recuperación de terra agraria

6. Innovación.

Engádese :

Levaranse a cabo actuacións vinculadas a proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como vinculadas a plans estratéxicos ou a actuacións integrais promovidas por AGADER.

Ademais inclúense as seguintes actuacións:

- . Calquera outro tipo de proxectos relacionados cos instrumentos de recuperación de terra agraria

7. Emprego, igualdade e integración social

Engádese :

Levaranse a cabo actuacións vinculadas a proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como vinculadas a plans estratéxicos ou a actuacións integrais promovidas por AGADER.



8. Utilización racional do medio ambiente, entorno natural e recursos enerxéticos.

Engádese :

Levaranse a cabo actuacións vinculadas a proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como vinculadas a plans estratéxicos ou a actuacións integrais promovidas por AGADER.

Ademais engádese a seguinte acción:

3. Calquera outro tipo de proxectos relacionados cos instrumentos de recuperación de terra agraria

9. Animación e promoción territorial.

Engádese :

Levaranse a cabo actuacións vinculadas a proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como vinculadas a plans estratéxicos ou a actuacións integrais promovidas por AGADER.

Ademais inclúense as seguintes actuacións:

- . Calquera outro tipo de proxectos relacionados cos instrumentos de recuperación de terra agraria

E para que así conste, a tódolos efectos oportunos, expido a presente en Vilalba a 9 de abril de 2021.

Vº e prace

Firmado por GONZALEZ PENELAS
JAIME - 33350072A el día
09/04/2021 con un certificado
emitido por AC FNMT Usuarios

33542919H FE
LEGASPI (R:
G27383496)

Firmado digitalmente
por 33542919H FE
LEGASPI (R:
G27383496)
Fecha: 2021.04.09
11:50:00 +02'00'

Asdo.: Jaime González Penelas

O Secretario

Asdo: Fe Legaspi Valiña

A Presidenta



Criterios para a selección e priorización dos proxectos.

1. Requisitos de subvencionalidade dos proxectos productivos.

Estes requisitos teñen carácter obrigatorio, polo que o incumprimento dalgúns destes criterios será causa de denegación de axuda ó proxecto.

- O proxecto deberase acometer na zona de aplicación da Medida Leader 2014 - 2020 (Comarca de Terra Chá): Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Pastoriza (A), Riotorto, Vilalba e Xermade.
- Os beneficiarios deben estar ó corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- Non ter iniciado as inversións as que fai referencia o orzamento do proxecto antes de solicitar a axuda.
- O destino das inversións debe manterse, ó menos, durante 5 anos dende a resolución de pagamento final.
- Con excepción das entidades públicas de carácter local que poidan ser beneficiarias dun proxecto de natureza produtiva, os beneficiarios dos proxectos produtivos limitaranse ás pequenas empresas, segundo a definición do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014 (<50 empregados e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros).
- Respetar a normativa sectorial que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- O mantemento ou consolidación de emprego é obrigatorio nos proxectos produtivos do Leader Galicia 2014 – 2020. A creación de novas empresas como mínimo require a creación de 0,25 UTAS. Excepcionalmente a implantación de servizos ou comercio polo miúdo xa existente nas entidades singulares de Vilalba, Guitiriz e Castro Riberas de Lea require a creación de 2 UTAS. A creación no resto do territorio de servizos ou comercio polo miúdo xa existente require a creación de 1,5 UTAS.



- Para comprobar a existencia ou non dun servizo ou comercio polo miúdo será necesario un certificado emitido por unha Administración Pública (AEAT, Concello,...) no que se acredite en base ó CNAE a existencia ou non de dito servizo ou comercio polo miúdo no núcleo onde se pretende facer a inversión. (O núcleo considerase a parroquia; Considerase o mesmo núcleo as entidades singulares de Vilalba, Guitiriz e Castro Ribeiras de Lea)

Ademais o proxecto para que poida ser baremado e subvencionado debe cumprir os tres seguintes requisitos:

1.1.- VIABILIDADE.

O proxecto debe ser viable técnica e economicamente, comprobándose especialmente a súa viabilidade financeira.

A viabilidade tanto técnica como económica debe documentarse do seguinte xeito:

1.- Viabilidade técnica. A viabilidade técnica documentarase por medio dun anteprojecto técnico.

2.- Viabilidade financeira acreditarase mediante certificación bancaria de solvencia e, no seu caso, co orzamento anual da entidade.

3.- Viabilidade económica, acreditarase en termos de T.I.R (tasa interna de rentabilidade) a cinco anos en actividades produtivas e valores de T.I.R. superiores ó 4%.

1.2. SER FINALISTA.

Os proxectos teñen que ser finalistas.

2. Proxectos non productivos.

Para os proxectos non produtivos aplicaranse as seguintes categorías de priorización dos proxectos:

1. Proxectos Non Productivos de Prioridade Alta. Intensidade de axuda máxima ata o 90%.
 - Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de



inmigrantes, o coidado e atención das persoas maiores, a infancia e discapacitados (xeriatricos, garderías, apartamentos tutelados, aloxamentos para maiores, centros de día, centros de atención de colectivos desfavorecidos, centros de atención a discapacitados...)

- Proxectos promoción dun envellecemento activo como os parques biosaludables.
- Proxectos que promovan a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a poboación en xeral)
- Proxectos de actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construción de interese arquitectónico, catalogación do patrimonio como mámoas, medorras, castros..., conxuntos etnográficos, mazos...
- Proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC, e economía circular, así como actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER.

2. Proxectos Non Produtivos de Prioridade Media. Intensidade de axuda máxima ata o 70%.

- Centros de promoción de recursos e puntos de información turística
- Creación, ampliación e rehabilitación de edificios destinados a locais sociais.
- Adquisición de equipamento destinado a locais sociais.
- Infraestructuras de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio, sendas peonís e cicloturistas, mobiliario urbano e xogos infantís.
- Proxectos e plans de ordenación dos montes promovidos por comunidades de montes.



- Creación, reforma e ampliacións de instalacións para feiras locais.
- Servicios innovadores nos concellos.

3. Proxectos Non Productivos de Prioridade Baixa. Intensidade de axuda máxima ate o 50%.

- Sinalización de recursos turísticos
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web
- Instalacións deportivas (campos de fútbol....)
- Instalacións hípicas e cinxéticas
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Outros non incluídos nos epígrafes anteriores.

3. Regras básicas

Os proxectos candidatos a recibir axudas a través do GDR, serán valorados dentro do seguinte esquema:

	Nota de Corte	% Axuda	Nota Máxima	% Axuda
Proxecto Productivo	20	30%	60	50%
Proxecto Non Productivo Prioridade Alta	20	70%	60	90%
Proxecto Non Productivo Prioridade Media	20	50%	60	70%
Proxecto Non Productivo Intensidade Baixa	20	30%	60	50%



- As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais.
- O importe de axuda que, como máximo, pode percibir un proxecto de natureza produtiva ascenderá a 200.000 €. Por outra parte os proxectos que se amparen no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 di tratado ás axudas de *minimis*, limitaranse a un máximo de 200.000 € por promotor durante un período de tres exercicios fiscais.
- Os proxectos de natureza non produtiva estarán limitados a unha axuda máxima de 200.000 € por proxecto. Os que non deban ampararse no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de *minimis* poderán alcanzar os 250.000 € no caso de que AGADER o autorice expresamente.

4. Selección de proxectos

Os proxectos que contén coa verificación favorable do ICE poderán financiarse ata o límite de crédito dispoñible en cada anualidade no cadro financeiro do GDR para cada tipoloxía de proxectos.

Terase en conta para priorizar os proxectos o seguinte:

4.1 PROXECTOS PRODUCTIVOS.

- A. Ordearanse de maior a menor puntuación total acadada no baremo correspondente o ICE verificado por AGADER e seleccionaranse por orde de maior a menor puntuación ata o límite de fondos dispoñibles.
- B. En caso de empate da puntuación terase en conta a orde de entrada (o que primeiro entre na sede do GDR terá prioridade).



4.2 PROXECTOS NON PRODUCTIVOS.

- A. Cada proxecto NON Productivo encadrarase nunha destas tres prioridades Alta, Media e Baixa.

- B. Dentro de cada prioridade ordenaranse os proxectos de maior a menor puntuación total acadada no baremo correspondente o ICE verificado por AGADER e en caso de empate da puntuación terase en conta a orden de entrada (o que primeiro entre na sede do GDR terá prioridade).

- C. Seleccionaranse do seguinte xeito:
 - a. Primeiro serán elixidos os proxectos de prioridade alta e dentro destes irán escollendose de maior a menor puntuación total acadada no baremo correspondente ó ICE verificado por AGADER e, no seu caso, a orde de entrada ata o límite dos fondos asignados a esta medida.
 - b. Segundo, no caso de que queden fondos dispoñibles, serán elixidos os proxectos de prioridade media e dentro destes irán escollendose de maior a menor puntuación total acadada no baremo correspondente ó ICE verificado por AGADER e, no seu caso, a orde de entrada ata o límite dos fondos asignados a esta medida.
 - c. Terceiro, no caso de que queden fondos dispoñibles, serán elixidos os proxectos de prioridade media e dentro destes irán escollendose de maior a menor puntuación total acadada no baremo correspondene ó ICE verificado por AGADER e, no seu caso, a orde de entrada ata o límite dos fondos asignados a esta medida.



5. Límites especiais.

- 5.1 Os proxectos de elaboración de estudos, celebración de eventos, certame ou feiras, edición de libros ou guías, páxinas web terán un límite máximo de axuda de 10.000 € por proxecto.
- 5.2 Os proxectos do sector da produción agraria primaria que supoñan a realización dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar e que, en todo caso, consistan en pequenos investimentos serán subvencionables cos requisitos que establezca o Réxime de Axudas do Leader 2014 -2020. En todo caso, para este tipo de proxectos, o total da renda da unidade familiar, no momento da solicitude de axuda, non poderá ser inferior ó salario mínimo interprofesional vixente. Por outra parte, o resultado final da previsión económica, xuntando a actividade principal non agraria e a renda agraria derivada do proxecto, non poderá superar o quíntuplo do valor do citado salario mínimo interprofesional.
- 5.3 Nos investimentos en centros sociais a cuantía máxima de axuda por cada proxecto que supoña un investimento en creación, reforma ou ampliación dun local social non poderá exceder os 50.000 € por proxecto.



Os centros sociais identificados que necesitan unha reforma ou ampliación ou creación de novos centros sociais son os seguintes:

Concello	Parroquia	Necesidade	Propiedade
Abadín	Castromaior	Adecuación local e equipamento.	Privada
A Pastoriza	San Andrés de Loboso	Reforma e equipamento	Pública
A Pastoriza	Bretoña (Cruz da Pedra)	Reforma e adecuación (Local Social Tecor Terra Chá)	Privada
Begonte	Begonte	Rehabilitación do antigo edificio da Cámara Agraria de Begonte	Pública
Begonte	Trobo	Rehabilitación de local social e equipamento	Pública
Begonte	Baamonde	Rehabilitación de local e equipamento	Pública
Begonte	Santalla	Creación e equipamento local social	Pública
Begonte	Uriz	Creación e equipamento local social	Pública
Castro de Rei	Dumpín	Rehabilitación e equipamento da escola de Santalla de Dumpín	Pública
Cospeito	Feira do Monte	Rehabilitación e acondicionamento do edificio municipal (Mulleres Rurais)	Pública
Cospeito	Muimenta (Polígono)	Rehabilitación e acondicionamento edificio municipal	Pública
Guitiriz	Lagostelle (Barrio Asende. Rúa Perexil)	Rehabilitación e equipamento Casa Peóns Camiñeiros	Pública
Guitiriz	Buriz	Rehabilitación e equipamento Escola Municipal da Ventisca.	Pública
Guitiriz	Pígara	Rehabilitación e equipamento da escola municipal	Pública
Guitiriz	Labrada	Rehabilitación e equipamento do local social	Privado
Muras	A Balsa	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Pública
Muras	Irixoa	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Pública



Muras	Silán	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Pública
Muras	Viveiró	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Público
Muras	Paio	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Pública
Riotorto	Ferreiravella	Creación local social e equipamento.	Pública
Riotorto	Vilar de Santiago	Rehabilitación e equipamento	Pública
Riotorto	Galegos	Rehabilitación e equipamento	Pública
Vilalba	Lanzós	Rehabilitación e equipamento escola de Lanzós	Privada
Vilalba	Insua	Rehabilitación e equipamento local social casa rectoral de Insua.	Privada
Vilalba	Santa María de Vilalba	Rehabilitación e equipamento local do Centro Cultural e Recreativo.	Privada
Xermade	Momán	Rehabilitación e equipamento local social (antigua nave do gando)	Pública
Xermade	Candamil	Rehabilitación e equipamento local social (escola unitaria)	Pública
Xermade	Roupar	Rehabilitación e equipamento local social	Privado
Xermade	Xermade	Rehabilitación e equipamento local social (biblioteca)	Publica



Baremos

A.- BAREMO PARA PROXECTOS PRODUCTIVOS.

TABLA DE PUNTUACIÓN PARA OS CRITERIOS DE SELECCIÓN VALORABLES DE PROYECTOS PRODUCTIVOS LEADER TERRA CHÁ	
	P.MAX
1.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA.	40
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	10
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	15
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.	10
1.4.- Outros criterios xeográficos.	5
2.- CRITERIOS RELATIVOS Ó PROMOTOR.	10
3.- CRITERIOS DE INCIDENCIA NO EMPREGO	35
3.1.- Incidencia na creación de emprego.	15
3.2.- Incidencia da inversión na creación do emprego.	10
3.3.- Determinados colectivos.	10
4.- MELLORA E CONSERVACIÓN DO AMBIENTE. ADAPTACIÓN E MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO.	5
5.- PROXECTOS QUE SE DESENVOLVAN EN DETERMINADOS ÁMBITOS	5
6.- EN FUNCIÓN DA TIPOLOXÍA DO PROXECTO	5
TOTAL	100

1. Para que un proxecto poida ser subvencionado ten que ter unha puntuación mínima de 20 puntos sendo esta a nota de corte. A porcentaxe que lle corresponderá de subvención será dun 30%.
2. A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos produtivos será dun 50% para unha puntuación de 60 puntos. Sendo o importe máximo subvencionable 200.000 €
3. As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais.



1.- CRITERIOS RELATIVOS Á SITUACIÓN XEOGRÁFICA.

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.

Este criterio valorarase en función da Renda Dispoñible Bruta por Habitante (RDBH) do ano 2009 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos

METODOLOXIA DA VALORACIÓN:

Características económicas do concello	Puntuación Máxima
Concellos cun RDBH inferior ou igual ó 85% da media galega (Begonte, Castro de Rei e Riotorto)	10
Concellos cun RDBH maior de 85% e menor ou igual ó 90% (Cospeito e Muras)	8
Concellos cun RDBH maior de 90% e menor ou igual ó 95% (Abadín)	6
Concellos cun RDBH maior de 95% e menor ou igual ó 100 % (Guitiriz, A Pastoriza, Vilalba e Xermade)	4
Concellos cun RDBH maior de 100%	0

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.

Este criterio valorarase en función das características demográficas dos concellos entre os anos 2008 e 2014 de acordo coas cifras do Padrón municipal de habitantes, envellecemento.

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 15 puntos



METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Características demográficas do concello	Puntuación Máxima
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 15% (Muras)	15
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 10% e menor do 15% (Abadín, Begonte, Riotorto e Xermade)	12
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 5% e menor do 10% (Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, A Pastoriza)	9
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 0 % e menor do 5% (Vilalba)	6
Concellos que incrementan poboación	0

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.

Este criterio prioriza os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do IGE de 2015. (Por núcleos de poboación enténdense que son as parroquias.)

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos

PUNTUACIÓN MINIMA: 0 puntos



METODOLOGÍA DE LA VALORACIÓN:

Características demográficas do concello	Puntuación Máxima
Núcleos de poboación de menos de 500 habitantes	10
Núcleos de poboación igual o maior de 500 e menor a 1.000 habitantes	9
Núcleos de poboación igual o maior de 1.000 e menor a 1.500 habitantes	8
Núcleos de poboación igual o maior de 1.500 e menor a 2.000 habitantes	7
Núcleos de poboación igual o maior de 2.000 e menor a 2.500 habitantes	5
Núcleos de poboación igual o maior de 2.500 habitantes	2

Nota: No caso de que o proxecto este localizado nas seguintes entidades singulares só se terá en conta esta puntuación:

Entidade singular de Vilalba: 2 puntos.

Entidade singular de Guitiriz: 7 puntos.

Entidade singular de Castro Riberas de Lea: 8,5 puntos

1.4.- Outros criterios xeográficos.

Valorarase a implantación en zonas de montaña (segundo a definición que resulta do PDR de Galicia), en Rede Natura, e en polígono industrial. A puntuación non é acumulativa e só se poderá escoller unha valoración, é dicir, si un proxecto se implanta en zona de montaña e nun polígono industrial so se valorará unha puntuación.

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 5 puntos



METODOLOGÍA DE LA VALORACIÓN:

Aspecto	Puntuación Máxima
Proxectos que se desenvolvan en zonas de Montaña. (Abadín, Guitiriz, Muras, Riotorto e Xermade.)	5
Proxectos que se desenvolvan en zonas de Rede Natura	5
Implantación nun polígono industrial	5

2.- CRITERIOS RELATIVOS Ó PROMOTOR

2.-Tipoloxía del promotor

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Tipoloxía do promotor	Puntuación Máxima
Homes menores de 41 anos ou maiores de 55 anos	9
Homes \geq a 41 anos e \leq 55 anos	8
Mulleres menores de 41 anos ou maiores de 55 anos	10
Mulleres \geq de 41 anos e \leq 55 anos	9
Persoas con discapacidade \geq ó 33%	10
Persoas xurídicas ou calquer outra entidade nas que máis do 50% do capital social pertenza a persoas con discapacidade \geq ó 33%	9
Cooperativas, Sociedades Limitadas Laborais, SAT, fundacións, asociacións e entidades semellantes sen ánimo de lucro.	8
Sociedades anónimas e sociedades limitadas	7
Outras tipoloxías	5



3.-CRITERIOS RELATIVOS Á INCIDENCIA DO EMPREGO.

Ós efectos da incidencia do emprego, e nos termos previstos no anexo I do Regulamento 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, unha UTA equivale ó traballo dunha persoa na empresa en cuestión ou por conta de dita empresa a tempo completo durante todo o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional computarase como fraccións de UTA.

3.1 Incidencia na creación do emprego.

Terase en conta a creación de emprego neto. Establécense os seguintes tramos, tendo como referencia unha persoa a tempo completo en computo anual (unha UTA).

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 15 puntos.

Creación emprego neto	Puntuación.
≥ 5 persoas	15
≥ 4 persoas e < 5 persoas	11
≥ 3 persoas e < 4 persoas	8
≥ 2 persoas e < 3 persoas	5
≥ 1 persoas e < 2 persoas	2
≥ 0,25 persoas e < 1 persoas	1
< 0,25 persoas	0



3.2.- Incidencia da inversión na creación de emprego.

Valorarase a creación de emprego tendo en conta o número UTAs creadas e a inversión efectuada a través dunha fórmula que se describe no apartado de metodoloxía de valoración. Os postos de traballo de carácter eventual e fixos, han de manterse ó menos cinco anos dende a data de resolución de pagamento.

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A formula de obtención do valor que posteriormente se barema, é a seguinte:

Valor= (Inversión admitida/ UTAS creadas)/ 100.000.

Valor	Puntuación
≤ 0,25	10
>0,25 e ≤ 1	7
>1 e ≤ 2	5
> 2 e ≤ 2,5	4
> 2,5 e ≤ 5	2
>5 e ≤ 7,5	1
> 7,5	0

3.3.- Contribución a crear emprego a determinados colectivos.

Valorarase a creación do emprego en algún ou algúns dos seguintes colectivos desfavorecidos: mozos menores de 41 anos, mulleres, persoas maiores de 50 anos, persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%. A máxima puntuación por colectivo e UTA será de 5 puntos. As fraccións de UTA computaran proporcionalmente. A puntuación é acumulable por colectivo desfavorecido ata unha puntuación máxima de 10 puntos.



PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos.

METODOLOXIA DA VALORACIÓN:

ASPECTO	PUNTUACIÓN
Mozos menores de 41 anos.	5
Mulleres.	5
Persoas maiores de 50 anos.	5
Persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%	5

4.- MELLORA E CONSERVACIÓN DO AMBIENTE. ADAPTACIÓN E MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO.

Se o proxecto recolle debidamente xustificadas algunha das seguintes medidas: xestión de residuos e/ou utilización de enerxías renovables. A puntuación máxima é de 5 puntos.

PUNTUACION MAXIMA: 5 puntos

Aspecto	Puntuación
Xestión de residuos (1)(2)	5
Dispoñer de Certificacións de Xestión Medioambiental (ISO 14001, EMAS, ISO 50001, EU Ecolabel, outras marcas ambientais.)	5

(1) Sempre que supere as esixencias que prevé a lei.

(2) Xustificarse cun certificado dun profesional independente.



5.- PROXECTOS QUE SE DESENVOLVAN EN DETERMINADOS ÁMBITOS.

Proxectos que se desenvolvan nalgún dos seguintes ámbitos:

Aspecto	Puntuación
Diversificación económica cara a actividades non agrarias en explotacións agrarias	5
Artesanía (carta de artesán)	5
Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, cando o produto final do proceso de transformación e/ou comercialización derivado dos investimentos estea ou non incluído no anexo I do TFUE	5

A puntuación máxima deste apartado son 5 puntos

6. EN FUNCIÓN DA TIPOLOXÍA DO PROXECTO

Valoraranse os proxectos de creación ou ampliación e modernización de actividade xa existente.

Aspecto	Puntuación
Creación dunha actividade	5
Ampliación ou modernización de actividade existente.	3,5
Índice Corrector de creación comercio polo miúdo e/ou servizo existente na parroquia. (Nos cascos urbanos de Vilalba, Guitiriz e Castro Riberas de Lea, e a efectos de comprobar a existencia ou non do comercio ou servizo, tomarase como referencia a delimitación de entidade singular de poboación e non a parroquia).	-20
Índice Corrector de creación comercio polo miúdo e/ou servizo non existente na parroquia. (Nos cascos urbanos de Vilalba, Guitiriz e Castro Riberas de Lea, e a efectos de comprobar a existencia ou non do comercio ou servizo, tomarase como referencia a delimitación de entidade singular de poboación e non a parroquia).	-5



B.- BAREMO PARA PROXECTOS NON PRODUCTIVOS.

TABLA DE PUNTUACIÓN PARA OS CRITERIOS DE SELECCIÓN VALORABLES DE PROXECTOS NON PRODUCTIVOS LEADER TERRA CHÁ	
	P.MAX
1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA.	40
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	15
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	15
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.	10
2.- CRITERIOS DE IMPACTO SOBRE O TERRITORIO.	30
2.1.- Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida.	10
2.2.- Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresarias e a creación de emprego.	10
2.3.- Incidencia sobre colectivos determinados	10
3.- INCIDENCIA AMBIENTAL DO PROXECTO	10
3.1.- Incidencia ambiental.	10
4.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR	16
4.1.- Características do promotor.	12
4.2.- Peso dentro das persoas ou entidades que promovan o proxecto de determinados colectivos	4
5.- CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO	4
5.1.- Capacidade de arrastre dos proxectos.	4
TOTAL	100



1.- CRITERIOS RELATIVOS Á SITUACIÓN XEOGRÁFICA.

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.

Este criterio valorarase en función do Indicador Municipal de Renda Dispoñible dos Fogares (RDBH) do ano 2009 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 15 puntos

METODOLOXIA DA VALORACIÓN:

Características económicas do concello	Puntuación Máxima
Concellos cun RDBH inferior ou igual ó 85% da media galega (Begonte, Castro de Rei e Riotorto)	15
Concellos cun RDBH maior do 85% e menor ou igual ó 90% (Cospeito e Muras)	12
Concellos cun RDBH maior do 90% e menor ou igual ó 95% (Abadín)	9
Concellos cun RDBH maior do 95% e menor ou igual ó 100 % (Guitiriz, A Pastoriza, Vilalba e Xermade)	6
Concellos cun RDBH maior de 100%	0



1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.

Este criterio valorarase en función das características demográficas dos concellos entre os anos 2008 e 2014 de acordo coas cifras do Padrón municipal de habitantes, envellecemento.

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 15 puntos

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Características demográficas do concello	Puntuación Máxima
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 20% (Muras)	15
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 15% e menor do 20% (Abadín, Riotorto e Xermade)	12
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 10% e menor do 15% (Begonte, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza)	9
Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ó 0 % e menor do 10% (Guitiriz e Vilalba)	6
Concellos que incrementan poboación	0



1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.

Este criterio prioriza os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do nomenclátor de 2015. (Por núcleos de poboación enténdense que son as parroquias.)

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos

METODOLOGÍA DE LA VALORACIÓN:

Características demográficas do concello	Puntuación Máxima
Parroquias de menos de 500 habitantes	10
Parroquias con poboación igual o maior de 500 e menor a 1.000 habitantes	8
Parroquias con poboación igual o maior de 1.000 e menor a 1.500 habitantes	6
Parroquias con poboación igual o maior de 1.500 e menor a 2.000 habitantes	4
Parroquias con poboación maior a 2.000	2

Nota: No caso de que o proxecto este localizado nos seguintes cascos urbanos só se terá en conta esta puntuación:

Entidade singular de Vilalba: 2 puntos.

Entidade singular de Guitiriz: 6 puntos.

Entidade singular Castro Riberas de Lea: 7 puntos



2. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO.

2.1 Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida.

Valorarase se o proxecto ten como obxectivo principal proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais, de inmigrantes e minorías étnicas, proxectos que fomenten a atención a infancia o coidado das persoas maiores e discapacitados e a promoción dun envellecemento activo e saludable. Tamén se valorara que se os proxectos fomenten a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC) e o seu uso no medio rural. A puntuación non é acumulable.

Aspecto	Puntuación Máxima
Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación e a integración de comunidades marxinais, de inmigrantes e minorías étnicas.	10
Proxectos que fomenten a atención á infancia, o coidado das persoas maiores e discapacitados. (garderías, centros de día...)	10
Proxectos que fomenten a promoción dun envellecemento activo (parques biosaludables, ...)	10
Proxectos que fomenten a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC) e o seu uso no medio rural (telecentros, aulas informáticas, plataformas dixitais de servizos á poboación xeral, ...)	10



2.2. Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego.

Terase en conta a potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego. A puntuación é acumulable

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos

METODOLOGÍA DE LA VALORACIÓN:

Aspecto	Puntuación Máxima
Proxectos que inclúan medidas de cooperación entre concellos ou entidades públicas (acordos para compartir infraestruturas, acordos para facer actividades complementarias e aumentar o servicio ofrecido,...) (1)	3
Proxecto con xeración de emprego (mínimo 0,5 UTAs)	7

(1) Xustificarse con convenios de colaboración

2.3. Incidencia sobre colectivos determinados.

Terase en conta a incidencia dirixida especificamente os seguintes colectivos: mozos menores de 41 anos, mulleres, persoas maiores de 50 anos, persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%, persoas con risco de exclusión social, inmigrantes, comunidades marxinais, minorías étnicas. A máxima puntuación por colectivo e UTA será de 5 puntos. As fraccións de UTA computaran proporcionalmente. A puntuación é acumulable ata un máximo de 10 puntos, no caso de que o proxecto se dirixa especificamente á combinación de dous ou máis colectivos dos anteriores (Exemplo:



proxecto dirixido a mozos menores de 41 anos e persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%)

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 puntos.

METODOLOXIA DA VALORACIÓN:

ASPECTO	PUNTUACIÓN
Mozos menores de 41 anos.	5
Mulleres.	5
Persoas maiores de 50 anos.	5
Persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%	5
Persoas con risco de exclusión social, inmigrantes, comunidades marxinais, minorías étnicas	5

3. INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL.

Se o proxecto recolle debidamente xustificadas algunha das seguintes medidas: plan de recuperación do entorno, xestión de residuos, utilización de enerxías renovables, implantación da eficiencia enerxética no uso da auga e ou da enerxía co fin de contribuír á conservación do ambiente, adaptación e mitigación do cambio climático e á necesidade dunha transición cara dunha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono. A puntuación máxima é de 10 puntos, sendo acumulable entre elas ata a puntuación máxima.

PUNTUACION MAXIMA: 10 puntos



METODOLOGÍA DE LA VALORACIÓN

Aspecto	Puntuación
Plan de recuperación do entorno.	5
Contribución a biodiversidade e conservación de hábitats	5
Dispoñer de Certificacións de Xestión Medioambiental (ISO 14001, EMAS, ISO 50001, EU Ecolabel, outras marcas ambientais.)	5
Contribución a prevención de incendios	5

(1) Sempre que supere as esixencias que prevé a lei.

4.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR.

4.1.- Características do promotor

En este tipo de proxectos terase en contas os seguintes aspectos proxectos promovidos por entes supramunicipais, concellos, entidades sen ánimo de lucro e montes veciñais. No caso de que unha persoa física ou entidades con ánimo de lucro queiran realizar un proxecto non produtivo valorarase como unha entidade sen ánimo de lucro. A puntuación é acumulable e o máximo son 12 puntos

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 12 puntos



METODOLOGÍA DE LA VALORACIÓN:Aspecto	Puntuación Máxima
Promovido por unha entidade supramunicipal	6
Promovido por un concello	6
Promovido por unha entidade sen ánimo de lucro	6
Promovido por unha comunidade de montes ou mancomunidade de montes.	6
Promovido por varias entidades	6

4.2.- Peso dentro das persoas ou entidades que promovan o proxecto de determinados colectivos

Terase en conta o peso dentro das persoas ou entidades que promovan o proxecto de determinados colectivos: mulleres, mozos/as menores de 41 anos, persoas con discapacidade superior ou igual o 33%, maiores de 50 anos.

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 4 puntos

METODOLOGÍA DE LA VALORACIÓN:

Aspecto	Puntuación Máxima
Si as mulleres, mozos/as menores de 41 anos, persoas con discapacidade superior ou igual o 33%, maiores de 50 anos teñen un peso dentro do ente que promove superior ó 25%.	4



5. CAPADIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO.

Teranse en conta os proxectos que poñan en valor o patrimonio natural ou cultural se o proxecto recolle debidamente xustificadas a posta en valor do patrimonio cultural ou natural A puntuación máxima é de 4 puntos.

Aspecto	Puntuación Máxima
Valorización patrimonio natural.	3
Valorización do patrimonio cultural	3
Valorización do patrimonio cultural e natural	4

